



## CIRCULAR INFORMATIVA 28-10-2016

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarles sobre os seguintes temas:

O luns, 31 de outubro celebramos o **Día do Ensino** (non lectivo) polo que continuamos coas clases o mércores, 2 de novembro.

### Renovación do Consello Escolar:

O mércores, 02 de novembro, procederemos, ás 14:00 h na secretaría do centro, ao sorteo público para a elección de membros da Xunta Electoral.

A Xunta Electoral elaborará o calendario deste proceso que será publicado no taboeiro de anuncios coas datas de sorteo para a formación das Mesas Electorais, datas de presentación de candidaturas... Este ano, renóvanse tres representantes das nais e país, e catro representantes do profesorado.

### MAGOSTO 2016

O próximo venres, 04-11-16, se o tempo o permite, celebraremos o Magosto coas seguintes actividades:

- Xogos populares no patio co alumnado.
- Ás 12:00 h:
  - o Asado de castañas e chourizos nas fogueiras.
  - o Baixada de carrilanas.
- Ás 13:00 h:
  - o Degustación das castañas e chourizos acompañados de música popular.

Este día, os nenos e nenas poden vir disfrazados de castañeiros e castañeiras.

Para facer o magosto precisamos que:

- Os rapaces/zas traian, o mércores e o xoves, con castañas cortadas, pico e carozos para facer o lume. Tamén poden traer, estes días, as súas carrilanas.
- Ás 12:00 h, as nais/pais que dispoñan de tempo e queiran, participen nas fogueiras para asar castañas e chourizos. Agradecemoslles a colaboración.

Todos están convidados á degustación, ata rematar existencias, e disfrutar do fin da celebración ás 14:15h.

Un saúdo

A DIRECCIÓN